

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36006717	IES Sánchez Cantón	Pontevedra	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Proxecto competencial	1º ESO	1	35

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	6
4.2. Materiais e recursos didácticos	7
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	7
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	7
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	8
6. Medidas de atención á diversidade	8
7.1. Concreción dos elementos transversais	10
7.2. Actividades complementarias	10
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	11
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	12
9. Outros apartados	12

## 1. Introducción

Segundo regula o Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia, a presente programación desenvolve o currículo da materia Proxecto Competencial en 1º ESO no centro educativo 36006717 - IES SÁNCHEZ CANTÓN.

Esta materia impártese en 1º ESO cunha carga horaria de 1 hora á semana.

A materia de Proxecto Competencial diríxese ao desenvolvemento das competencias transversais a través da realización de proxectos significativos para o alumnado e da resolución colaborativa de problemas, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade.

As competencias poden entenderse como unha combinación de coñecementos, capacidades e actitudes, nas que os coñecementos se compoñen de feitos e cifras, conceptos, ideas e teorías que xa están establecidos e apoian a comprensión dunha temática concreta. As capacidades enténdense como a habilidade para realizar procesos e utilizar os coñecementos existentes para obter resultados. As actitudes describen a mentalidade e a disposición para actuar ou reaccionar ante as ideas, as persoas ou as situacións.

Nese sentido, as competencias son aquelas que as persoas precisan para o seu desenvolvemento persoal, para resolver situacións e problemas en distintos ámbitos da vida, para crear novas oportunidades de mellora, así como para desenvolver a súa socialización, lograr a continuidade do seu itinerario formativo, e inserirse e participar activamente na sociedade na que vivirán e no coidado da contorna natural e do planeta. Estas competencias desenvólvense cunha perspectiva de aprendizaxe permanente, desde a primeira infancia ata a vida adulta, e mediante a aprendizaxe formal, a non formal e a informal en todos os contextos, incluídos a familia, o centro educativo, o lugar de traballo, a contorna e outras comunidades.

As competencias poden aplicarse en contextos moi distintos e en diversas combinacións, nas que se solapan e entrelazan, xa que determinados aspectos esenciais nun ámbito apoian a competencia noutro. Entre estas competencias intégranse capacidades como o pensamento crítico, a resolución de problemas, o traballo en equipo, as capacidades de comunicación e negociación, as capacidades analíticas, a creatividade e as capacidades interculturais.

Deste xeito, a materia de Proxecto Competencial pode configurarse como un traballo monográfico ou un proxecto interdisciplinario ou de colaboración cun servizo á comunidade, e as actividades que se propoñan reforzarán os aspectos máis transversais do currículo, favorecendo a interdisciplinidade e a conexión entre os diferentes saberes.

Para facilitar a concreción curricular desta materia establécense tres bloques. No primeiro bloque, o propósito é que cada alumna e cada alumno adquiren as competencias necesarias para prever un plan de traballo de cara á realización de proxectos ou a resolución de problemas.

No segundo bloque, unha vez previsto un plan de traballo, o alumnado terá que mobilizar conxuntamente as competencias transversais e os seus coñecementos para, segundo as pautas establecidas, resolver os problemas ou executar os proxectos planificados.

No terceiro bloque, abórdase a presentación do proxecto competencial por parte do alumnado. Cómpre reforzar a presenza da comunicación nas aulas, e esta materia parece un ámbito adecuado para o facer, polo que máis que a simple exposición do traballado se busca tamén a presentación dun discurso. Por outra banda, neste bloque inclúense aspectos relacionados co emprego de soportes audiovisuais e informáticos que serven de apoio.

Desta maneira, a través da realización de proxectos significativos e da resolución colaborativa de problemas, oriéntase o alumnado para comprender a realidade social, resolver conflitos de forma reflexiva, dialogar para mellorar, respectar os valores universais, crear un sistema de valores propios e participar activamente na vida cívica de forma pacífica e democrática.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Diseñar un plan de traballo para a realización dun proxecto ou a resolución dun problema a través da definición de obxectivos e das accións para acadalos, tendo en conta as necesidades da contorna.	1			1	1-5	3	1-2-3	
OBX2 - Desenvolver o proxecto segundo a planificación prevista mobilizando conxuntamente as competencias transversais que se requiran.	1-3		5	3	1-3	2	3	
OBX3 - Presentar os resultados asociados ao proxecto competencial empregando dun xeito respectuoso estratexias e ferramentas de comunicación adecuadas cunha linguaxe verbal e corporal positiva, control das emocións negativas e, de ser o caso, co uso de recursos informáticos e audiovisuais.	1-5	3	3	2-3	1-3			3-4

#### Descrición:

### 3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Definición de proxectos	Creación dun ficheiro dixital da flora de Galicia, así como de diversas técnicas artísticas mediante a investigación autónoma.	33	12	X		
2	Execución dun proxecto	Elaboración de fichas físicas da flora aplicando as técnicas artísticas investigadas. Posta en práctica das aplicacións atopadas sobre as especies seleccionadas.	34	12		X	
3	Presentación do proxecto	Exposición e presentación ante o grupo-aula da información recabada e traballo realizado durante o curso. Finalmente os resultados serán amosados no centro educativo para compartir o traballo con toda a comunidade escolar.	33	11			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Definición de proxectos	12

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar.	50% do valor da táboa de indicadores.	TI	100
CA1.2 - Identificar e determinar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto.	50% do valor da táboa de indicadores.		
CA1.3 - Identificar, seleccionar e analizar a información que se precisa.	50% do valor da táboa de indicadores.		
CA1.4 - Realizar a secuencia e a temporalización das actuacións necesarias para a execución do proxecto.	50% do valor da táboa de indicadores.		
CA1.5 - Prever as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e propoñer posibles solucións a estas.	50% do valor da táboa de indicadores.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Procura e selección de información relacionada cos proxectos.</li> <li>- Planificación: secuenciación e temporalización.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
2	Execución dun proxecto	12

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporalización prevista.	50% do valor da táboa de indicadores.	TI	100
CA2.2 - Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias cos niveis de calidade requiridos.	50% do valor da táboa de indicadores.		
CA2.3 - Empregar, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións.	50% do valor da táboa de indicadores.		
CA2.4 - Resolver, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións.	50% do valor da táboa de indicadores.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.5 - Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto.	50% do valor da táboa de indicadores.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Execución de proxectos: dinámicas e roles.

UD	Título da UD	Duración
3	Presentación do proxecto	11

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Presentar o proxecto realizado e, de ser o caso, os produtos finais obtidos.	50% do valor da táboa de indicadores.	TI	100
CA3.2 - Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade, para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	50% do valor da táboa de indicadores.		
CA3.3 - Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	50% do valor da táboa de indicadores.		
CA3.4 - Potenciar as emocións positivas na exposición e controlar, de ser o caso, a conduta asociada ás emocións negativas.	50% do valor da táboa de indicadores.		
CA3.5 - Empregar recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos como apoio na presentación do proxecto.	50% do valor da táboa de indicadores.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Presentación de proxectos: a expresión verbal e corporal; control das emocións e da conduta.
- Uso de recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos de apoio á comunicación para a presentación do proxecto.

#### 4.1. Concrecións metodolóxicas

Metodoloxía activa e participativa na que o alumnado é o centro do proceso de ensino-aprendizaxe. O profesorado é un mediador e guía deste proceso.

Buscarase un proxecto atractivo para o interese do alumnado co fin de motivalo.

A aprendizaxe cooperativa será outro dos pilares fundamentais desta materia, fomentando así o desenvolvemento das competencias persoal, social e de aprender a aprender, emprendedora e cidadá.

Fomentarase, por outra banda, a creatividade do alumnado en aras de traballar a competencia en conciencia e expresións culturais.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Ordenador Edixgal do alumnado e uso de varios programas de libre software.
Espazos virtuais de aprendizaxe: aula virtual, eva-edixgal...
Caderno do alumnado.
Material artístico funxible: témperas, rotuladores, lapis de cores...
Cartolinas/láminas A4

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Posto que o alumnado comeza dende cero nesta materia e tendo en conta a pouca carga horaria da mesma, o profesorado observará nas primeiras sesións o grado de desenvolvemento competencial do alumnado.

Polas razóns expostas mais arriba, será de vital importancia a sesión de avaliación inicial do equipo docente.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	33	34	33	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100

### Criterios de cualificación:

O alumnado será avaliado coa táboa de indicadores correspondente a cada unidade. A nota trimestral sairá desa táboa de valores.

A nota final será a media aritmética das notas trimestrais reflectidas no Xade. Esta nota terá que ser igual ou superior a 5 para considerar a cualificación positiva.

### Criterios de recuperación:

Ao longo do curso, o profesorado concretará aqueles traballos e tarefas que o alumnado poderá entregar de novo dentro dun prazo establecido para recuperalos.

No caso de que un alumno/a, a pesar dos traballos e tarefas de recuperación realizadas durante o curso, teña unha nota media ponderada das tres avaliacións inferior a 5, deberá realizar un traballo de recuperación final no mes de xuño, que versará sobre os contidos desenvolvidos na avaliación ou avaliacións non superadas. A nota desta proba suporá a totalidade da nota da avaliación recuperada.

A nota final da materia calcularase coa nota media reflectida no Xade das avaliacións xa superadas durante o curso e a nota da recuperación das avaliacións suspensas. Esta media será calculada mediante redondeo.

### **5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes**

Este apartado non procede neste curso.

## **6. Medidas de atención á diversidade**

Enténdese atención á diversidade como o conxunto de medidas e accións que teñen como finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes características e necesidades, ritmos e preferencias de aprendizaxe, motivacións, intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado.

En consonancia coas medidas que a lexislación prevé que o equipo directivo, o profesorado titor e os servizos de orientación deben observar, como profesorado específico da materia cómpre levar a cabo estas outras:

- a) A colaboración co profesorado titor e coa xefatura do Departamento de Orientación na planificación e no desenvolvemento de actuacións destinadas ao axuste dos procesos de ensino e de aprendizaxe.
- b) A utilización de estratexias metodolóxicas promotoras da inclusión, da solidariedade, do traballo en equipo, do respecto á diferenza e da convivencia de todo o alumnado, informando ao profesorado titor sobre o desenvolvemento persoal, social e educativo do alumnado que atende.
- c) A consideración dos principios do deseño universal de aprendizaxe na atención educativa.
- d) A participación nas estratexias de coordinación entre o equipo docente, baixo a dirección do profesorado titor.

As medidas de atención á diversidade (MAD) deben ter un carácter preventivo e compensador. A primeira delas será a avaliación inicial, que constitúe un factor preventivo por excelencia na atención á diversidade, especialmente cando se trata de alumnado con necesidade específica de apoio educativo. Esa avaliación ten como principais finalidades adaptar as ensinanzas á alumna ou ao alumno e facilitar a debida progresión na súa aprendizaxe. Os resultados da avaliación inicial servirán como referente para adoptar as decisións de tipo educativo que correspondan.

Segundo o perfil do alumnado, a atención á diversidade concretarase coas seguintes medidas:

- a) O alumnado que permaneza un ano máis no mesmo curso.

Porase en marcha un plan específico personalizado co fin de adaptar as condicións curriculares ás necesidades do alumnado, para tratar de superar as dificultades detectadas. Este plan elaboraráo o equipo docente, baixo a coordinación do profesorado titor, e desenvolverase ao longo de todo o curso.

O plan específico personalizado incluírá a identificación da alumna ou do alumno, a relación das necesidades educativas que motivaron a repetición do curso, as medidas ordinarias aplicadas no curso anterior, as estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento, os recursos necesarios para o desenvolvemento do plan e, de ser o caso, a oferta de medidas extraordinarias.

As familias serán informadas deste plan, podendo acreditálo.

En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan específico personalizado e, de ser necesario, realizaránselle os axustes que proceda. Ao final do curso, na mesma sesión de avaliación, informarase sobre o seu desenvolvemento e o seu aproveitamento.



b) O alumnado con necesidade específica de apoio educativo.

É posible atopármonos con alumnado con trastornos de atención ou de aprendizaxe (TDAH, TDA, TEA, DEA etc.). Seguiremos as indicacións do Departamento de Orientación, pero como medidas xerais podemos indicar:

- Os materiais, instrumentos de avaliación e tempos de execución adaptaranse: tipo e tamaño das fontes, cores, espaciado, distribución no papel, material audiovisual complementario, etc.
- Sempre que sexa posible, levaranse a cabo actividades con material manipulativo, con soporte audiovisual e dixital.
- Este alumnado situarase estratéxicamente na aula, co fin de poder supervisar facilmente os seus progresos e minimizar as súas fontes de dispersión.

c) O alumnado con necesidades educativas especiais.

Na medida en que este alumnado, escolla esta materia poranse en marcha apoios e atencións educativas específicas para a consecución dos obxectivos de aprendizaxe establecidos con carácter xeral para todo o alumnado.

- A lexislación prevé que as Administracións educativas doten este alumnado do apoio preciso desde o momento da súa escolarización ou da detección da súa necesidade, polo que, de ser o caso sempre que faciliten, estes recursos poranse á disposición do alumnado.
- Impartiranse as clases de maneira que o alumnado con algunha discapacidade física poida acceder aos materiais, explicacións, tarefas, instrumentos de avaliación de xeito normalizado, sen que a súa discapacidade supoña un impedimento. (Ex. material visual e tarefas escritas para o alumnado con problemas de audición, material manipulativo e sonoro para o alumnado con problemas de visión, naturalmente co apoio da Fundación Once, material adaptado dixitalmente para o alumnado con problemas motrices e dificultades para a escrita, etc.)
- Implicarase o alumnado con necesidades derivadas de trastornos graves da comunicación e da linguaxe nas mesmas tarefas que o resto do grupo aínda que con distintos niveis de apoio e esixencia, favorecendo así a súa integración no grupo.
- Proporase o intercambio de saberes cos iguais mediante traballo cooperativo e organizado.

d) O alumnado en situación de vulnerabilidade socioeducativa e/ou cultural

Cando se presenten desigualdades derivadas de factores sociais e familiares, de violencia de xénero, económicos, culturais, xeográficos, étnicos ou doutra índole, a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e os propios centros docentes deberán asegurar a eliminación das barreiras, evitando a segregación deste alumnado no propio centro docente.

- De ser preciso, proporcionaráselle, nalgúns casos en calidade de préstamo, o material, funxible ou non, que requira para seguir con normalidade o discorrer das clases (ex. libros de texto, material funxible, fotocopias a custe cero, dispositivos e mesmo conexión a Internet).
- De ser preciso, ofrecerásenlle explicacións e material adicional que poidan contribuír a reducir ou facer desaparecer as desigualdades en orixe.
- De ser preciso, xestionarase a participación deste alumnado nas actividades complementarias e extraescolares que o Departamento organice.
- Na medida do posible, porase en valor transversalmente a orixe xeográfica, étnica ou cultural deste alumnado.
- Na medida do posible, evidenciaranse transversalmente os aspectos en común entre este alumnado e o resto do grupo de referencia (ex. idade, lugar de residencia, gustos musicais, etc.), favorecendo a integración e cohesión do grupo.
- Farase un seguimento estreito da asistencia, rendemento, hixiene, alimentación, etc. deste alumnado, informando rigurosamente ao profesorado titor.

e) O alumnado con altas capacidades intelectuais.

Este alumnado caracterízase por un potencial elevado nalgunha ou nalgunhas áreas do desempeño humano, en comparación cun grupo de referencia. Adoita ter un alto nivel de creatividade e persistencia nas tarefas de alta complexidade intelectual ligadas ás súas áreas de interese. Cómpre, por tanto, identificalas.

- Adaptaranse as explicacións e os materiais, aportando complexidade e profundidade na medida en que sexan adquiridos.

-Proporanse actividades similares ás do grupo de referencia, aínda que cun grao de complexidade ou extensión superior, atendendo as demandas de carácter máis profundo do alumnado con niveis de partida máis avanzados ou cun interese maior sobre o tema estudado, evitando así a desmotivación.

- Evitaranse as tarefas repetitivas, que adoitan incidir negativamente no nivel de motivación, promovendo as que medren en complexidade e sexan variadas en temática e soporte.
- Na medida do posible, integranse as áreas de interese deste alumnado na temática dos materiais e proxectos.
- Proporase o intercambio de saberes cos iguais mediante traballo cooperativo e organizado.
- Propóráselle tarefas de ampliación que apelen á creatividade.

f) O alumnado de incorporación tardía ao sistema educativo.

Este alumnado adoita presentar dificultades para acadar os obxectivos e as competencias que lle corresponderían pola súa idade. Esas dificultades maniféstanse, especialmente, no descoñecemento dalgunha das linguas oficiais de Galicia e/ou no desfasamento curricular.

Por iso pode ser necesario aplicar algunha das MAD relacionadas a continuación:

- Adaptar os materiais e as explicacións, aportando máis das usuais para así paliar as carencias que poidan existir e reducir as distancias co grupo de referencia.
- Sempre que sexa posible, levar a cabo actividades con material manipulativo, con soporte audiovisual e dixital.
- Situar estratéxicamente este alumnado na aula, co fin de poder supervisar facilmente os seus progresos e procurarlle certo apoio dos iguais.

## 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual e TIC	X	X	X
ET.4 - Educación emocional e valores	X	X	X
ET.5 - Fomento da creatividade e do espírito científico	X	X	X
ET.6 - Educación para a saúde	X	X	X

### Observacións:

Pola natureza da materia son tratados moitos e moi variados elementos transversais ao longo de todo o curso.

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Saída para a observación de flora	Saída para a observación de flora	X		

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
(P) Consúltase a programación ao longo do curso e realizo e anoto as modificacións en caso necesario.
(P) Ao realizar a programación teño en conta as oportunidades e posibilidades que me ofrece o entorno.
Metodoloxía empregada
(P) Dou a coñecer ao alumnado os elementos da programación.
(A) O alumnado coñece as táboas de indicadores coas que serán avaliados.
(M) As actividades asociadas ao proxecto proposto facilita o traballo cooperativo. / impulsan a comunicación: buscar información, interpretar, tomar decisións, crear, razoar, explicar aos demais, etc.
(M) Na metodoloxía que aplico: emprego todo tipo de recursos e materiais para a aprendizaxe: material manipulativo, audiovisual, impreso, etc. / propoño actividades para facilitar a aprendizaxe autónoma / baséome nas explicacións teóricas e no libro/apuntes.
(A) Na avaliación teño en conta diferentes competencias.
(A) Unha vez rematada a unidade ou o proxecto didáctico, avalío a idoneidade dos recursos e das actividades empregadas no proceso de aprendizaxe: Non / De xeito individual / En grupo (con membros do departamento, o equipo de avaliación...) / Co alumnado.
Medidas de atención á diversidade
(AD) Teño en conta a diversidade á hora de organizar a clase, de crear os grupos, etc.
(AD) A miña programación ten en conta a diversidade.
Clima de traballo na aula
(M) Motivo o meu alumnado partindo dos seus coñecementos previos, relacionando os contidos con situacións reais, informándolles da utilidade das actividades e creando expectativas.

### Descrición:

Para levar a cabo unha adecuada avaliación da práctica docente, é necesario ter en conta:

- Establecer indicadores de logro que servirán para comprobar o funcionamento da programación e valorar a actuación propia como docente.
- Diseñar un procedemento adecuado para recoller os datos correspondentes que permitan valorar a situación.
- Analizar os resultados obtidos.
- Propoñer e incorporar as medidas de mellora que sexan necesarias.

Os indicadores de logro organízanse en torno a catro apartados:

- (P) Programación.
- (M) Metodoloxía.
- (AD) Atención á diversidade.
- (A) Avaliación.

## **8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora**

Durante o curso, farase un seguimento da programación cunha periodicidade trimestral. Comprobarase o grao de consecución dos obxectivos e faranse constar os aspectos destacados en torno ao discorrer do curso nas correspondentes reunións de departamento.

A avaliación do proceso de ensino realizarase ao rematar cada trimestre, unha vez obtidos os resultados da avaliación.

En canto ao procedemento de seguimento, as ferramentas empregadas para analizar os indicadores de logro poden consistir en:

- folla de rexistro onde ir anotando os aspectos máis cuantificables;
- diario de aula;
- rúbrica de autoavaliación que facilite cuantificar o grao de consecución de aspectos concretos;
- estatísticas de resultados;
- cuestionarios e enquisas ao alumnado...

A partir da análise destes aspectos propoñeranse melloras para o seguinte curso académico.

## **9. Outros apartados**

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36006717	IES Sánchez Cantón	Pontevedra	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Proxecto competencial	2º ESO	1	35

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	7
4.2. Materiais e recursos didácticos	7
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	7
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	8
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	9
6. Medidas de atención á diversidade	9
7.1. Concreción dos elementos transversais	9
7.2. Actividades complementarias	10
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	10
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	11
9. Outros apartados	11

## 1. Introducción

A presente programación didáctica, elaborada para a materia de Proxecto Competencial do 2º curso da ESO, ten como referencia o currículo que establece Decreto 156/2022 do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.

Para a elaboración das unidades didácticas que desenvolverá a programación tívose como referencia un currículo que ten como obxectivo o desenvolvemento das competencias transversais mediante a realización de proxectos significativos para o alumnado e a resolución colaborativa de problemas, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade. e que se pode configurar neste curso como un proxecto interdisciplinar en colaboración con distintos axentes sociais.

Outro aspecto que foi tido en conta á hora de deseñar a presente programación foi o centro no que se ía implementar: as características do mesmo, as do seu alumnado e o seu entorno.

Esta programación didáctica está pensada para ser levada á práctica nun IES situado no centro urbano da cidade de Pontevedra, na Avenida Raíña Vitoria Uxía s/n, Pontevedra (36001). O alumnado de ESO e Bacharelato reside maioritariamente nas proximidades do centro e acude diariamente ao centro andando, polo que non existe servizo de transporte. O alumnado provén nun gran número de casos de familias con rendas medias. Aproximadamente un 10% do alumnado que cursa ESO e Bacharelato no IES Sánchez Cantón reside en concellos limítrofes, sobre todo Poio e Marín. O resto do alumnado ten residencia en Pontevedra. De acordo coa derradeira enquisa realizada en 2021, a situación do alumnado é a que segue. Responden á pregunta: “En que lingua aprendiches a falar?” só un 6,99 % en galego; un 6,02% máis galego e un 33% as dúas linguas (galego e castelán) por igual. A lingua ambiental da contorna do centro é por tanto, o castelán. Isto incide directamente na situación lingüística do centro, na que a lingua castelá é a que domina amplamente os usos do alumnado e, en menor medida, do profesorado. Como excepción, hai unha porcentaxe que reflicte a enquisa do 0,96 % do alumnado, que emprega a lingua galega habitualmente, á que se suma outra porcentaxe do 0,48% que emprega máis galego e o 5,78 % di que emprega as dúas (galego e castelán) por igual. Coas amizades, o noso alumnado, di empregar: un 0,48 % o galego; un 0,48 % máis galego e un 4,10 % as dúas por igual. A isto hai que sumarlle que nos últimos anos observamos un paulatino incremento do alumnado estranxeiro.

A materia impártese nos catro grupos do 2º curso da ESO e están compostos por 14, 13, 14 e 15 alumnos e alumnas respectivamente, con idades comprendidas ao inicio do curso entre os 13 e os 14 anos.

Todos estes aspectos serán tidos en conta a nivel metodolóxico.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Deseñar un plan de traballo para a realización dun proxecto ou a resolución dun problema a través da definición de obxectivos e das accións para acadalos, tendo en conta as necesidades da contorna.	1			1	1-5	3	1-2-3	
OBX2 - Desenvolver o proxecto segundo a planificación prevista mobilizando conxuntamente as competencias transversais que se requiran.	1-3		5	3	1-3	2	3	
OBX3 - Presentar os resultados asociados ao proxecto competencial empregando dun xeito respectuoso estratexias e ferramentas de comunicación adecuadas cunha linguaxe verbal e corporal positiva, control das emocións negativas e, de ser o caso, co uso de recursos informáticos e audiovisuais.	1-5	3	3	2-3	1-3			3-4

### Descrición:

- A formación do alumnado en **COMPETENCIA INFORMACIONAL**, a alfabetización mediática e informacional (AMI) que abrangue o coñecemento de toda a tipoloxía de medios de comunicación e outros provedores de información, como bibliotecas, arquivos, museos e internet, independentemente das tecnoloxías empregadas. Esta competencia aparece supeditada, na vixente normativa, á competencia dixital, e involucra un complexo grupo de destrezas, coñecementos e actitudes imprescindibles para se desenvolver na sociedade da información e, a unha escala máis próxima, nas prácticas académicas máis comúns.
- O coñecemento, as actitudes e a suma de habilidades necesarias para saber cando e que información é necesaria, onde e como obter esa información, como avaliala criticamente e organizala logo de atopala, e como usala de xeito ético.
- A aprendizaxe, o desenvolvemento do pensamento crítico e das destrezas de comprensión que cubran e superen as fronteiras profesionais e educativas. Inclúe o tratamento de todos os tipos de fontes: orais, impresas e dixitais.
- A experiencia con programas de traballo coa información ou ligada ás prácticas metodolóxicas activas ou de traballo por proxectos, que implican a consulta de fontes informativas diversas, fóra do libro de texto.
- O coñecemento da biblioteca, do seu funcionamento e recursos xa que logo é o espazo educativo natural para o traballo coa información, xa que ofrece oportunidades de aprendizaxe con recursos impresos e dixitais, presentes ou accesibles a través da rede.

### 3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	A biblioteca, punto de acceso á cultura impresa e dixital.	"A biblioteca, punto de acceso á cultura impresa e dixital", supón un achegamento á biblioteca escolar do centro (e a outras bibliotecas) e ás súas posibilidades para acceder a textos informativos de diversa índole, cunha primeira aproximación á tipoloxía de fontes que se poden consultar e á maneira de facelo de xeito eficaz e con recoñecemento dos dereitos de autoría.	25	11	X		
2	Organizarse para investigar.	"Organizarse para investigar", revisa os primeiros pasos da elaboración dun traballo de investigación, nos que a planificación, a formulación de preguntas e a recuperación dos coñecementos previos son esenciais. Neste punto, o alumnado tamén afondará na necesidade de análise e valoración da información que se recolle, así como na compilación das fontes consultadas para o seu recoñecemento posterior.	35	13		X	
3	Xeración de contidos e comunicación.	"Xeración de contidos e comunicación", aborda a reelaboración da información, un proceso no que cómpre sintetizar e estruturar a información, e personalizar en produtos orixinais, impresos, audiovisuais ou dixitais o coñecemento adquirido para unha comunicación eficaz. Recolle tamén esta unidade aspectos relacionados coa avaliación do proceso realizado e a transferencia deste coñecemento á vida persoal, académica ou social do alumnado.	40	11			X



### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	A biblioteca, punto de acceso á cultura impresa e dixital.	11

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar.	Recoñecer a importancia da cultura galega.	TI	100
CA1.2 - Identificar e determinar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto.	Seleccionar recursos e materiais para a elaboración do proxecto.		
CA1.3 - Identificar, seleccionar e analizar a información que se precisa.	Identificar, seleccionar e analizar a información necesaria para a realización do proxecto.		
CA1.4 - Realizar a secuencia e a temporalización das actuacións necesarias para a execución do proxecto.	Temporalizar as distintas fases do proxecto.		
CA1.5 - Prever as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e propoñer posibles solucións a estas.	Solventar incidencias que poidan xurdir.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Procura e selección de información relacionada cos proxectos.</li> <li>- Planificación: secuenciación e temporalización.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
2	Organizarse para investigar.	13

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporalización prevista.	Executar as actuacións planificadas.	TI	100
CA2.2 - Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias cos niveis de calidade requiridos.	Aplicar os coñecementos axeitados.		
CA2.3 - Empregar, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións.	Empregar recursos e materiais necesarios.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.4 - Resolver, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións.	Resolver as incidencias xurdidas.		
CA2.5 - Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto.	Valorar os resultados logrados.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Execución de proxectos: dinámicas e roles.

UD	Título da UD	Duración
3	Xeración de contidos e comunicación.	11

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Presentar o proxecto realizado e, de ser o caso, os produtos finais obtidos.	Presentación do traballo de investigación.	TI	100
CA3.2 - Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade, para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade.		
CA3.3 - Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica axeitadas.		
CA3.4 - Potenciar as emocións positivas na exposición e controlar, de ser o caso, a conduta asociada ás emocións negativas.	Potenciar as emocións positivas na exposición.		
CA3.5 - Empregar recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos como apoio na presentación do proxecto.	Empregar recursos dixitais na presentación do proxecto.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Presentación de proxectos: a expresión verbal e corporal; control das emocións e da conduta.
- Uso de recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos de apoio á comunicación para a presentación do proxecto.

#### 4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía de proxectos resulta a máis acaída para garantir o tratamento de todos os contidos previstos e a adquisición dos estándares de avaliación propostos no currículo da materia, pois requiren a identificación dunha necesidade informativa, a planificación e a distribución de tarefas entre os membros dun grupo, a realización de pequenas investigacións e tarefas integradas de cara á elaboración dun produto final que cómpre comunicar. Os traballos de investigación de carácter interdisciplinar, que responden á metodoloxía de proxectos ou problemas, enfrontan o alumnado a situacións de contacto coa información para as que debe desenvolver coñecementos, habilidades e actitudes complexas. Traballar neste tipo de proxectos axudaralles non só a adquirir habilidades de uso, tratamento e produción de información: permitiralles construír o seu coñecemento e adquirir competencia de aprender a aprender, entre outras. É por isto que se recomenda o tratamento dos contidos propostos a partir dun tópico, un problema ou a necesidade de coñecer, comprender e comunicar as súas descubertas, sobre unha situación do seu contexto máis próximo ou doutras realidades ás que pode acceder o alumnado. O proceso de xestión da información (procura, recuperación, análise, tratamento, comunicación e aplicación) pode alcanzar diferentes niveis de complexidade que deberán adaptarse á situación informativa que se deseñe e ao nivel competencial do alumnado.

#### 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Ordenador.
Fontes escritas.
Fontes orais.
Fontes dixitais.
Programa MEIGA.
Proxector.

O espazo habitual no que se desenvolverán as clases é a biblioteca xa que parte do proceso de investigación consiste en investigar e dominar diferentes espazos reais e virtuais. Por outra banda, a biblioteca está convenientemente equipada cun encerado dixital, dispoñendo o alumnado de mesas amplas nas que se poden sentar de 6 a 8 persoas e que permite traballar de xeito individual e grupal.

#### 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao inicio de curso, nas primeiras sesións, realizarase unha proba inicial baseada en competencias clave. O seu obxectivo é facilitar información sobre distintos aspectos do alumnado, tales como posibles dificultades de aprendizaxe ou capacidades por riba da media do grupo. A dita información servirá para programar as adaptacións precisas, así como para a elaboración das actividades de reforzo e de ampliación no caso de ser necesarias. Os resultados da dita proba daranse a coñecer durante unha reunión establecida polo centro ao inicio do curso e na que se atopará a totalidade da xunta avaliadora. En función dos resultados obtidos, e sempre coa intervención do departamento de orientación levaranse a cabo as medidas de atención pertinentes.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	25	35	40	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100

### Criterios de cualificación:

1. Avaliarase a resolución dun problema ou a realización dun produto, textual ou audiovisual, como resposta a unha necesidade de información.
2. Avaliarase a adquisición dos contidos da materia, a evolución e progreso do alumnado no desenvolvemento práctico dos mesmos.
3. Avaliaranse as distintas entregas de tarefas propostas na aula.
4. Avaliarase o correcto desenvolvemento dos roles e da participación equitativa nas tarefas do grupo colaborativo, a valoración con criterio e respecto do traballo dos compañeiros e compañeiras do grupo xa que logo todos e todas os compoñentes do grupo recibirán a mesma cualificación.

Como instrumentos de avaliación, empregaranse distintas listas de cotexo e rúbricas asociadas aos anteriores procedementos. Nestas rúbricas avaliaranse aspectos de traballo cooperativo, desempeño de rol concreto, realización de tarefas individuais, presentación, orde...

Ponderación:

- As tarefas parciais realizadas: 70%
- O proxecto colaborativo trimestral: 30%

Para a superación da avaliación o alumnado debe obter 5 puntos na cualificación. A nota será redondeada á décima seguinte a partir de 0.5 puntos.

O peso das avaliacións no cómputo final da materia será o seguinte:

- 1ª AVALIACIÓN: 30%
- 2ª AVALIACIÓN: 30%
- 3ª AVALIACIÓN: 40%

### Criterios de recuperación:

No caso de que un alumna/o non realice as tarefas asignadas ou non coopere adecuadamente no grupo de traballo dificultando o desenvolvemento do proxecto, terá que realizar unha proba escrita, a cal constará de distintas preguntas test de resposta única sobre diferentes aspectos traballados neste proxecto.

A nota de dita proba representará a nota da avaliación parcial correspondente.

De igual xeito, no caso de que unha alumna/o teña dúas avaliacións suspensas, deberá realizar unha proba escrita final, con preguntas test de resposta única sobre diferentes aspectos traballados neste proxecto.

### 5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

A partir do curso 2023-2024 o alumnado que teña a materia pendente será avaliado do seguinte xeito:

Este alumnado, deberá facer e entregar un proxecto de temática libre. De este modo:

Na primeira avaliación entregará un dossier coa planificación e escolla da temática do proxecto.

Na segunda avaliación amosará as distintas fases de execución do proxecto.

Na terceira avaliación presentará o proxecto final.

Como instrumentos de avaliación, empregaranse distintas listas de cotexo e rúbricas asociadas aos anteriores procedementos. Nestas rúbricas avaliaranse aspectos como a realización de tarefas encomendadas, presentación, orde, produto finais, claridade expositiva...

A nota da avaliación ordinaria en xuño virá dada pola media aritmética das notas das avaliacións parciais.

## 6. Medidas de atención á diversidade

A propia metodoloxía empregada baseada en proxectos de traballo converterase na mellor ferramenta de atención á diversidade. A devandita metodoloxía permitiranos adaptarnos ás necesidades do noso alumnado ofrecéndolle diferentes tarefas e responsabilidades segundo as súas características. Basearemos o traballo na técnica de aprendizaxe cooperativo onde o obxectivo último será a inclusión de todo o alumnado. Levaranse a cabo medidas de reforzo educativo por parte do profesor/-a naqueles casos que sexa necesario.

Para os alumnos/as con necesidades específicas de apoio educativo serán deseñadas de xeito específico de modo que se facilite o desempeño do seu rol no proxecto. Do mesmo modo, prestaráselle unha maior atención na aula e nas actividades fóra da aula, estando pendentes en todo momento do seu desempeño así como da consecución das súas tarefas individuais. Todo isto sen prexuízo de que a medida que avance o curso poida detectarse a necesidade deste tipo de actividades individualizadas noutros alumnos/as establecéndose, de ser o caso, os necesarios reforzos educativos.

Por outra banda, tamén están previstas actividades de ampliación para aquel alumnado que presente un maior ritmo de aprendizaxe. Tratarase de actividades motivadoras, que en todo caso vaian máis aló dos xa afianzados mínimos da materia e que supoñan un maior desafío na busca de información, así como a interrelación dos diferentes contidos.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.1 - Comprensión da Lectura	X		
ET.2 - Expresión Oral e Escrita	X		X
ET.3 - Comunicación Audiovisual	X		X
ET.4 - Competencia Dixital	X		X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial		X	
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico		X	
ET.7 - Educación emocional e en valores	X	X	X
ET.8 - Igualdade de xénero	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.9 - Creatividade		X	

### Observacións:

No deseño de actividades á hora de traballar en grupo:

- Fomentaranse de maneira transversal a igualdade entre mulleres e homes, a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual, a formación estética, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais.
- Promoverase a aprendizaxe da prevención e da resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto polo Estado de dereito, o respecto e a consideración polas vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.
- Evitaranse os comportamentos, os estereotipos e os contidos sexistas, así como os que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Visita á biblioteca municipal.	Visita da biblioteca para coñecer o seu funcionamento.		X	
Visita a unha biblioteca universitaria/nodal.	Visita a unha biblioteca universitaria ou nodal.			X

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Adecuación do nivel de dificultade ás necesidades do alumnado.
Adecuación á temporalización das unidades didácticas.
Utilización dos distintos instrumentos de avaliación.
Metodoloxía empregada
Utilización de distintas estratexias metodolóxicas en función das unidades didácticas.
Medidas de atención á diversidade
Toma de medidas de atención á diversidade para atender ao alumnado con NEAE no deseño das actividades.
Eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación.

Clima de traballo na aula
Participación activa de todo o alumnado.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Apoio e implicación por parte das familias no traballo do alumnado.

**Descrición:**

Estes indicadores de logro pretenden avaliar aspectos como a adecuación da proposta educativa ás características do grupo, a idoneidade das metodoloxías empregadas en cada momento, o grao de participación de alumnado e familias no proceso de ensino ou a adecuada resposta ás necesidades específicas do alumnado.

**8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora**

A principal referencia da que se disporá para este procedemento de seguimento e autoavaliación será a temporalización definida ao inicio do curso, debéndose analizar de xeito periódico se o programado se corresponde coas necesidades do alumnado, de modo que o desenvolvemento das unidades didácticas siga o calendario previsto. O documento elaborado para levar dito seguimento constituirase como un caderno de traballo na aula. Neste caderno do docente, reflectirase o desenvolvemento efectivo das sesións, facendo fincapé no aproveitamento destas e dos recursos dispoñibles.

O propio seguimento da programación será realizado en Proens cando menos, unha vez ao mes, tal e como se reflecte na normativa, deixando constancia nas actas de reunión de departamento.

**9. Outros apartados**

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36006717	IES Sánchez Cantón	Pontevedra	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Proxecto competencial	3º ESO	1	35

## Réxime

Réxime xeral-ordinario



<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	7
4.2. Materiais e recursos didácticos	8
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	8
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	9
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	10
6. Medidas de atención á diversidade	10
7.1. Concreción dos elementos transversais	10
7.2. Actividades complementarias	12
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	12
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	13
9. Outros apartados	13

## 1. Introducción

A presente programación didáctica, elaborada para materia de Proxecto Competencial do 3º curso da ESO, ten como referencia o currículo que establece Decreto 156/2022 do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na comunidade Autónoma de Galicia.

Nestes momentos, existe unha tendencia internacional que gaña forza día a día no referente ao ensino das disciplinas científico-tecnolóxicas. Propónse que o ensino das Ciencias, nun sentido amplo, deben estudarse, preferentemente, de forma integrada. Propónse enfocarse o ensino das Ciencias mediante unha estratexia baseada na realización de proxectos de investigación que involucre as diferentes disciplinas científicas ou que leva a proxectos interdisciplinares, transdisciplinares, ou multidisciplinares. O ensino científico baseado na investigación artículase a partir de investigacións que representan auténticos proxectos a desenvolver na aula. Nese sentido, o ensino baseado na investigación podería considerarse un caso específico do ensino ou aprendizaxe baseado en proxectos (ABP), adaptado ao ensino científico. Na IBSE tratarase de investigacións ou proxectos de carácter científico e que, polo tanto, integra de forma natural e en numerosas ocasións disciplinas normalmente desvinculadas ou pouco relacionadas no, chamémolo así, ensino tradicional. Ese ensino científico integrado a través de proxectos científicos de investigación, identificouse máis tarde cun ensino integrado das Ciencias, a Tecnoloxía, a Enxeñaría e as Matemáticas (Science-Technology-Engineering-Mathematics), pasando a denominarse como educación STEM, estratexia STEM, enfoque STEM, etc.

No IES Sánchez Cantón impártense ensinanzas de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato distribuídos no CGTD e nas instalacións do IES Sánchez Cantón na rúa Raíña Victoria. Asimesmo, conta con ensinanzas do ciclo formativo Técnico Superior en Actividades Físicas e Animación Deportiva.

O alumnado do centro presenta, en xeral, unha actitude positiva de cara ao estudo e o seu comportamento, na maior parte dos casos, é respectuoso co profesor e as/os compañeiras/os. Posto que a organización dos grupos se estrutura sempre atendendo a criterios de heteroxeneidade e inclusión educativa, en ocasións debe atenderse a unha ampla diversidade dentro do mesmo grupo, que é maior nos cursos máis baixos, pero que tamén debe ser tida en conta nos niveis de Bacharelato.

Neste curso 2023-2024 temos 5 grupos de 3º da ESO matriculados na materia de proxecto competencial co seguinte número de alumnos por grupo:

3º ESO A : 11 alumnos e alumnas

3º ESO B : 14 alumnos e alumnas

3º ESO C : 14 alumnos e alumnas

3º ESO D : 9 alumnos e alumnas

3º ESOE no CGTD :13 alumnos e alumnas

As familias, na maior parte dos casos, son colaboradoras co centro e co claustro de profesores. Preocúpanse polos resultados académicos dos seus fillos/as así como polo seu comportamento.

Unha parte do alumnado procede doutros centros nos que cursaron a ESO, polo que é importante realizar unha avaliación inicial que permita analizar o punto de partida co obxecto de enfocarse o traballo dende inicio de curso e tamén ao inicio de cada UD.

Esta programación propón traballar o proxecto competencial en referencia ao ámbito do medio ambiente a través de dúas liñas. Unha delas, pretende involucrar a cidadanía máis xoven na conservación dos ecosistemas fluviais mediante a proposta de desenvolvemento por equipos interdisciplinares do proxecto "Adopta un río" pretendendo desenvolver os valores relacionados coa conciencia de respecto e protección do medio ambiente. Para isto, solitamos o Plan Proxecta "Proxecto Ríos", que unha vez adjudicado, se é o caso, iremos da man da Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza (ADEGA) e no caso de ser rexeitados, realizaremos dito proxecto dunha forma autónoma. Outra liña traballará sobre as Eco Hortas Escolares tentando ser un espazo de intercambio de coñecementos e experiencias onde os nosos alumnos/as poñerán en marcha unha horta ecolóxica no propio centro. A integración implica actividades de horta e actividades de aula en temáticas directamente relacionadas.

O proxecto se divide en distintas fases ou partes:

- Pártese dunha situación problemática relevante.

- A procura da resposta a situación problemática conleva unha planificación do traballo a desenvolver e o uso práctico do coñecemento xa adquirido e á adquisición de novo coñecemento

- A resposta atopada debe ser comunicada e avaliada.

Eses tres apartados básicos conforman e determinan os diferentes bloques de contidos da materia Proxecto competencial. Así, por exemplo, a busca de información, a súa interpretación e a transmisión do novo coñecemento forma un elemento fundamental no proxecto. Esa búsqueda, interpretación e transmisión de información, está unida ao uso e adquisición de coñecementos e destrezas de índole diversa:

- coñecementos pertencentes a diversas áreas ou disciplinas científicas que se integran nun único proxecto (xa

coñecidos ou por adquirir). O tipo de integración dos coñecementos pode ser de varios tipos, pero a forma máis habitual será a interdisciplinariedade (de ahí a súa inclusión no título da materia).

- coñecementos sobre o uso técnico de recursos tecnolóxicos ou doutro tipo de busca e comunicación da información.
- coñecementos sobre o uso de materiais e ferramentas, físicas ou dixitais, que sexan necesarios no proxecto.

A adquisición deses coñecementos e as capacidades asociadas, diferentes e cada proxecto, determinan os bloques de contidos concretos que cada grupo de alumnos terán que desenvolver durante a sesión lectiva semanal asociada ó Proxecto competencial.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Diseñar un plan de traballo para a realización dun proxecto ou a resolución dun problema a través da definición de obxectivos e das accións para acadalos, tendo en conta as necesidades da contorna.	1			1	1-5	3	1-2-3	
OBX2 - Desenvolver o proxecto segundo a planificación prevista mobilizando conxuntamente as competencias transversais que se requiran.	1-3		5	3	1-3	2	3	
OBX3 - Presentar os resultados asociados ao proxecto competencial empregando dun xeito respectuoso estratexias e ferramentas de comunicación adecuadas cunha linguaxe verbal e corporal positiva, control das emocións negativas e, de ser o caso, co uso de recursos informáticos e audiovisuais.	1-5	3	3	2-3	1-3			3-4

### Descrición:

### 3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Decisión do proxecto a desenvolver e planificación do mesmo	Toma da decisión do proxecto que se vai desenvolver e planificación de todo aquilo vinculado ó proxecto, Nesa planificación inclúese a aprendizaxe de coñecementos, competencias e destrezas necesarias para o desenvolvemento do proxecto, incluíndo a aprendizaxe de uso de materiais e ferramentas, uso de programas, medios de difusión e comunicación, etc.	20	14	X		
2	Desenvolvemento do proxecto	Posta en práctica da planificación decidida na 1ª Unidade Didáctica	60	10	X	X	X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
3	Difusión e comunicación de resultados	Xeración de documentos relacionados coa comunicación e difusión do traballo desenvolvido nas dúas UD anteriores	20	11			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Decisión do proxecto a desenvolver e planificación do mesmo	14

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar.	Recoñecer a importancia da cultura popular e das tradicións	TI	100
CA1.2 - Identificar e determinar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto.	Seleccionar recursos e materiais para a realización do proxecto		
CA1.3 - Identificar, seleccionar e analizar a información que se precisa.	Identificar, seleccionar e analizar a información necesaria para a realización do proxecto.		
CA1.4 - Realizar a secuencia e a temporalización das actuacións necesarias para a execución do proxecto.	Temporalizar as distintas fases do proxecto		
CA1.5 - Prever as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e propoñer posibles solucións a estas.	Solventar as incidencias que poidan xurdir.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Procura e selección de información relacionada cos proxectos.</li> <li>- Planificación: secuenciación e temporalización.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
2	Desenvolvemento do proxecto	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.1 - Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporalización prevista.	Executar as actuacións planificadas	TI	100
CA2.2 - Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias cos niveis de calidade requiridos.	Aplicar os coñecementos axeitados		
CA2.3 - Empregar, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións.	Empregar recursos e materiais necesarios		
CA2.4 - Resolver, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións.	Resolver incidencias xurdidas		
CA2.5 - Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto.	Valorar os resultados logrados		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
- Execución de proxectos: dinámicas e roles.

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
3	Difusión e comunicación de resultados	11

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA3.1 - Presentar o proxecto realizado e, de ser o caso, os produtos finais obtidos.	Presentar a campaña publicitaria	TI	100
CA3.2 - Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade, para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade, aínda que dependerá do proxecto concreto que o grupo de alumnos desenvolva.		
CA3.3 - Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica axeitadas aínda que dependerá do proxecto concreto que o grupo de alumnos desenvolva.		
CA3.4 - Potenciar as emocións positivas na exposición e controlar, de ser o caso, a conduta asociada ás emocións negativas.	Potenciar as emocións positivas na exposición aínda que dependerá do proxecto concreto que o grupo de alumnos desenvolva.		
CA3.5 - Empregar recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos como apoio na presentación do proxecto.	Empregar recursos dixitais como apoio na presentación do proxecto adecuados ao mesmo.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

## Contidos

- Presentación de proxectos: a expresión verbal e corporal; control das emocións e da conduta.
- Uso de recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos de apoio á comunicación para a presentación do proxecto.

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

Os procesos de ensino-aprendizaxe deben proporcionar ao alumnado un coñecemento sólido dos contidos, ao mesmo tempo que propicia o desenvolvemento dos hábitos intelectuais propios do pensamento abstracto, tales como a observación, a análise, a interpretación, a investigación, a capacidade creativa, a comprensión e expresión e o sentido crítico, e a capacidade para resolver problemas e aplicar os coñecementos adquiridos en diversos contextos, dentro e fóra da aula, que garantan a adquisición das competencias e a efectividade das aprendizaxes.

A metodoloxía, polo tanto, ten que estar orientada a potenciar a aprendizaxe por competencias, polo que será activa e participativa potenciando a autonomía do alumnado na toma de decisións, o aprender por si mesmo e o traballo colaborativo, a busca selectiva de información e, finalmente, a aplicación do aprendido a novas situacións. Tendo en conta as posibilidades que ofrecen as tecnoloxías da información e comunicación.

Nese sentido no desenvolvemento das sesións de clase, ao longo do curso, seguiremos unha serie de pautas:

- a) Partir do nivel de desenvolvemento do alumnado e das súas aprendizaxes previas e mobilizar estes coñecementos previos a través da memorización comprensiva.
- b) Favorecer que o alumnado aprenda por si mesmo proporcionando situacións nas que deban actualizar os seus coñecementos.
- c) Xerar situacións de aprendizaxe que teñan sentido para o alumnado, co fin de que resulten motivadoras.
- d) Propiciar situacións de aprendizaxe que esixan una intensa actividade mental do alumnado, que lle leve a reflexionar e a xustificar as súas actuacións, promovendo a interacción na aula como motor da aprendizaxe.
- e) Coñecer ao alumnado para garantir a atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

A metodoloxía que imos poñer en xogo ao longo deste curso asentase nos seguintes principios:

1. Motivación: ao alumno hai que atraelo mediante contidos, métodos e propostas que estimulen a súa curiosidade e alimenten o seu afán por aprender.
2. Interacción omnidireccional na aula:
  - a) Profesorado-alumnado: o docente establecerá unha conversación permanente co alumnado, quen ten que establecer conexións coas ideas previas ou con outros conceptos, vendo de este modo facilitada a súa aprendizaxe.
  - b) Alumnado-alumnado: o traballo colaborativo, os debates e as interaccións son unha fonte de enriquecemento e aprendizaxe, e introducen unha dinámica na aula que favorece a aprendizaxe e o respecto.
  - c) Alumnado consigo mesmo: autointerrogándose e reflexionando sobre os seus coñecementos previos e incentivando o seu interese por entender situacións do seu contorno.
3. Equilibrio entre coñecementos e procedementos: o coñecemento non se aprende á marxe do seu uso, como tampouco se adquiren destrezas en ausencia dun coñecemento conceptual. Imos conxugar o traballo dos coñecementos, coa amplitude e rigor necesarios, con aspectos básicos dunha actividade científica como as prácticas, a investigación e a realización e comunicación de informes.
4. Aprendizaxe activa e colaborativa: a adquisición e aplicación de coñecementos en situacións e contextos reais é unha maneira óptima de fomentar a participación e implicación do alumnado na súa propia aprendizaxe. Unha metodoloxía activa ten que sustentarse na aprendizaxe colaborativa, de modo que, a través da resolución conxunta das tarefas, os membros do grupo coñezan as estratexias utilizadas polos seus compañeiros/as e poidan aplicalas a situacións similares.
5. Importancia da investigación: como resposta ás novas necesidades, onde adquiren relevancia os proxectos de investigación, a nosa metodoloxía inclúe tarefas de indagación ou investigación.
6. Integración da TIC no proceso de ensino-aprendizaxe: non podemos obviar a motivación que aportan as TIC ao alumnado nin o seu potencial didáctico. Faranse actividades interactivas usando simuladores, animacións, vídeos e realizaremos traballos usando as TIC como base.
7. Atención á diversidade: tentaremos, dentro do posible, traballar individualmente as competencias que non foron adquiridas, usando distintos métodos de traballo para incentivar o interese do alumnado e conseguir así acadar o mínimo en todos os estándares do curso.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Materiais: presentacións de elaboración propia e libro dixital. fichas de reforzo e ampliación , videos , material de laboratorio adecuado ás prácticas a elaborar.... Recursos: aula clase, plataforma Edixgal, laboratorio, ordenadores , aplicacións e todo tipo de recursos de papelería
Ordenador (Proxecto E-Dixgal) ou Aula de ordenadores
Ferramentas adecuadas no uso dunha horta (lubas, sachos, rastrillos, etc)
Material de análise físico-químico e biolóxico
Encerado, canón e ordenador en todas as aulas e o laboratorio, espacio de horta no centro
Recursos online relacionados cos contidos do curso: simulacións, aplicacións interactivas, vídeos, noticias...
Biblioteca
Paraninfo

O obxectivo da materia "Proxecto competencial" é que os alumnos/as , no medio dun grupo de traballo, aprendan o necesario e apliquen o aprendido da forma máis autónoma posible a escoller, planificar e desenvolver un proxecto científico interdisciplinar. Con tal motivo, os materiais e recursos son de unha variedade considerable e dependerán do proxecto concreto que cada grupo de alumnos decida desenvolver.

O espazo habitual no que se devolverán as clases durante a primeira avaliación será a propia aula, onde os distintos grupos buscarán a información sobre os proxectos no seu ordeador persoal. Tamén nesta avaliación terán que poñer en marcha algunha das primeiras fases prácticas dos proxectos, ríos e horta.

Xa na segunda avaliación, o espazo habitual será a aula, o propio espazo de horta e os ecosistema fluviais escollidos dentro dos ríos Léres e Gafos para levar a cabo a parte máis práctica.

Na última avaliación, as preasetnacións dos proxectos serán levadas a cabo na propia aula, ou de darse as condicións necesarias en calquer outro espazo do centro.

É posible que nalgún caso unha tarefa concreta a desenvolver por un grupo de traballo implique unha duración de máis de 50 minutos e/ou o uso de recursos non dispoñibles nos seus domicilios. Nese caso, o grupo decidirá si o realiza no Centro fora do horario lectivo e acompañado por un profesor ou, se é posible conseguir os recursos necesarios e/ou trasladalos os seus domicilios, a realización da tarefa nos seus domicilios ou nalgún espazo externo ó Centro. Do mesmo xeito, nalgúns casos é posible que un grupo precise de recursos ou asesoramento de empresas ou organismos externos ó Centro. O profesor da materia, como titor ou mentor do grupo procurará facilitar os contactos e acordos

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao inicio do curso, nas primeiras sesións, realizarase unha observación inicial baseada nas competencias claves. O seu obxectivo é facilitar información sobre distintos aspectos do alumnado, tales como posibles dificultades de aprendizaxe ou capacidades por riba da media do grupo. A dita información servirá para programar as adaptacións precisas, así cmo para a elaboración das actividades de reforzo e de ampliación no caso de ser necesarias.

Os resultados da dita obervación daranse a coñecer durante unha reunión establecida polo centro ao inicio do curso e na que se atopará a totalidade da xunta avaliadora. En función dos resultados obtidos, e sempre coa intervención do departamento de orientación, levaranse a cabo as medida de atención pertinentes.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	20	60	20	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100

### Criterios de cualificación:

Por tratarse dunha materia baseada no uso práctico do coñecemento xa adquirido previamente e de nova adquisición durante o curso, a avaliación e cualificación baséase na avaliación do traballo desenvolvido diariamente e a consecución de obxectivos ligados ó desenvolvemento do proxecto científico interdisciplinar escollido.

Entre os procedementos de avaliación:

- PRIMEIRA AVALIACIÓN: Presentación e entrega do dossier informativo coa información solicitada.
- SEGUNDA AVALIACIÓN: Entrega do dossier de traballo coa procura de información. Vídeos, entrevistas, información recompilada e arquivada... Traballo en equipo, adopción de roles. Participación activa individual e cooperativa.
- TERCEIRA AVALIACIÓN: Presentación e exposición do proxecto.

Como instrumentos de avaliación, empregaranse distintas listas de cotexo e rúbricas asociadas aos anteriores procedementos. Nestas rúbricas avaliaranse aspectos de traballo cooperativo, desempeño de rol concreto, realización de tarefas individuais, presentación, orde produtos finais, claridade expositiva....

Cada avaliación realizarase mediante distintos instrumentos e procedementos, que paso a enumerar:

- a) Tarefas clase e traballos diarias, semanais ou mensuais, traballos de investigación e/ou exposicións orais/ caderno de aula. Suporá o 30% da nota da avaliación
- b) Observación directa no aula na que se anlaizará o traballo diario individual. Suporá o 30%
- c) Ao remate de cada avaliación o alumnado deberá entregar de forma grupal o traballo final que se avaliará mediante unha rúbrica. Suporá o 40% da nota final.

A nota da avaliación ordinaria de xuño virá dada pola media aritmética das notas das avaliacións parciais.

#### SUPERACIÓN DA AVALIACIÓN

Considérase superada a avaliación se a nota, tras a ponderación entre as partes a) b) e c) descritas nos apartados anteriores deste mesmo epígrafe, é dun 4,5 ou maior. Este cálculo realizarase coas notas reais obtidas pola/o alumna/o sen redondear.

A nota que constará no XADE será a nota redondeada a 5 a partir do 4,5, pero conservarase a nota real da avaliación cos decimais para posteriores cálculos da nota final de curso.

Para superar a materia será necesario acadar unha nota final maior ou igual a 4,5.

### Criterios de recuperación:

No caso de que un alumna/o non realice as tarefas asignadas ou non coopere adecuadamente no grupo de traballo dificultando o desenvolvemento do proxecto, terá que realizar tarefas asociadas a consecución dos obxectivos do proxecto de forma individual. Nos casos en que iso non sexa suficiente ou posible, realizará unha proba escrita, a cal constará de distintas preguntas test de resposta única sobre diferentes aspectos traballados neste proxecto.

A nota de ditas probas representará a nota da avaliación parcial correspondente.

No caso de que unha alumna/o teña dúas avaliacións suspensas, deberá realizar unha proba escrita final, con preguntas test de resposta única sobre diferentes aspectos traballados neste proxecto.



### 5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Dado que parte do alumnado procede doutros centros nos que cursaron a ESO, pode resultar complicado traballar sobre un proxecto elaborado no curso pasado, polo que para recuperar esta materia pendente terá que elaborar un novo proxecto.

Este novo proxecto será escollido polo alumno/a, ou suxerido polo profesor, onde se avaliarán as distintas unidades que conforman o proxecto competencial, planificación, desenvolvemento e difusión.

Como instrumentos de avaliación, empregaranse distintas listas de cotexo e rúbricas asociadas aos anteriores procedementos. Nestas rúbricas avaliaranse aspectos de realización de tarefas individuais, presentación, orde, produtos finais, claridade expositiva....

A nota da avaliación ordinaria en xuño virá dada pola media ponderada das notas das avaliacións parciais.

## 6. Medidas de atención á diversidade

Para os alumnos/as con necesidades específicas de apoio educativo serán deseñadas de xeito específico de modo que se facilite o desempeño do seu rol no proxecto. Do mesmo modo, prestaráselle unha maior atención na aula e nas actividades fóra da aula, estando pendente en todo momento do seu desempeño así como da consecución das súas tarefas individuais. Todo isto sen prexuízo de que a medida que avanze o curso poida detectarse a necesidade deste tipo de actividades noutros alumnos/as establecéndose, de ser o caso, os necesarios reforzos educativos.

Por outra banda, tamén están previstas actividades de ampliación para aquel alumnado que presente un maior ritmo de aprendizaxe. Trataranse de actividades de ampliación para aquel alumnado que presente un maior ritmo de aprendizaxe. Tratarase de actividades motivadoras, que en todo caso vaian máis aló dos xa afianzados mínimos da materia e que supoñan un maior desafío na busca de información, así como interrelación dos diferentes contidos.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.1 - Evitaranse os comportamentos e os contidos sexistas e os estereotipos que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero, favorecendo a visibilidade da realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual.	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.2 - Como forma de evitar a desigualdade por razón de xénero, procurárase que os grupos de traballo estean compostos por un número equilibrado de homes e mulleres. Tamén se evitará e correxirá calquera mención sexista e/ou discriminatoria por calquera condición ou circunstancia persoal ou social tanto nas intervencións orais como nos documentos por escrito.	X	X	X
ET.3 - Coidado do medio ambiente (MA) e contaminación ambiental (CAMB)	X	X	X
ET.4 - Emprendemento	X	X	X
ET.5 - Creatividade	X	X	X
ET.6 - A expresión oral (EOE) e a comunicación audiovisual.	X	X	X
ET.7 - Educación cívica (EC)	X	X	X
ET.8 - Tecnoloxías da información e da comunicación (TIC)	X	X	X
ET.9 - Expresión escrita (EOE)	X	X	X
ET.10 - Comprensión lectora (CL)	X	X	X

**Observacións:**

No deseño de actividades á hora de traballar en grupo:

- Fomentárase de maneira transversal a igualdade entre mulleres e homes, a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual, a formación estética, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais.
- Promoverase a aprendizaxe da prevención e da resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.
- Evitaranse os comportamentos, os estereotipos e os contidos sexistas, así como os que supoñan discriminación por razón de orientación sexual ou da identidade de xénero.

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Charlas e obradoiros divulgativos.	Contactaremos con investigadores asociados aos proxectos a traballar	X	X	X
Presentación do proxecto no centro	Presentación do proxecto no centro			X
Club de ciencias	O departamento está implicado nos diferentes proxectos do Club de Ciencia.	X	X	X
Por determinar	As aconsellables en función dos proxectos concretos a desenvolver. A conveniencia de realizar unha actividade complementaria dependerá das súas vantaxes en relación co proxecto a desenvolver. Poden ser visitas a organismos, empresas, museos, etc e/ou charlas realizadas por expertos no eido do proxecto, realización de obradoiros, etc.	X	X	X

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Infórmase ao alumnado dos criterios de cualificación e rúbricas
Metodoloxía empregada
Valoración do grao de logro alcanzado mediante o análise por obxectivos acadados polos grupos de traballo dos alumnos/as
Propónse un plan de traballo para cada unidade
A materia avaliable divídese en bloques pequenos
Utilización dos distintos instrumentos de avaliación
A aprendizaxe acadada polo alumnado é satisfactoria
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Proporcionárase material axeitado para o traballo: de menor a maior complexidade
Medidas de atención á diversidade
Realizaránse as adaptacións pertinentes á diversidade do alumnado
Clima de traballo na aula
Participación activa de todo o alumnado

Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Apoio e implicación por parte das familias no traballo do alumnado
Tense en conta as tarefas doutras materias para a planificación das propias

#### **Descrición:**

Estes indicadores de logro pretenden avaliar aspectos como a adecuación da proposta educativa ás características do grupo, a idoneidade das metodoloxías empregadas en cada momento, o grao de participación de alumnado e familias no proceso de ensino.

### **8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora**

A principal referencia da que se disporá para este procedemento de seguimento e autoavaliación será a temporalización definida ao inicio do curso, débense analizar de xeito periódico se o programado se corresponde coas necesidades do alumnado, de modo que o desenvolvemento das unidades siga o calendario previsto.

O documento elaborado para levar dito seguimento constituirase como un caderno de traballo na aula. Neste caderno do docente, reflectirase o desenvolvemento efectivo das sesións, facendo fincapé no aproveitamento destas e dos recursos dispoñibles.

O propio seguimento da programación será realizado en Proens cando menos, unha vez ao mes, tal e como se reflecte na normativa, deixando constancia nas actas de reunión de departamento.

### **9. Outros apartados**

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36006717	IES Sánchez Cantón	Pontevedra	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Proxecto competencial	4º ESO	1	35

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	4
4.1. Concrecións metodolóxicas	6
4.2. Materiais e recursos didácticos	7
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	7
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	7
6. Medidas de atención á diversidade	8
7.1. Concreción dos elementos transversais	8
7.2. Actividades complementarias	9
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	9
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	10
9. Outros apartados	10

## 1. Introducción

A presente programación didáctica, elaborada para a materia de Proxecto Competencial do 4º curso da ESO, ten como referencia o currículo que establece Decreto 156/2022 do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.

Para a elaboración das unidades didácticas que desenvolverá a programación tívose como referencia un currículo que ten como obxectivo o desenvolvemento das competencias transversais mediante a realización de proxectos significativos para o alumnado e a resolución colaborativa de problemas, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade. e que se pode configurar neste curso como un proxecto interdisciplinar en colaboración con distintos axentes sociais.

Outro aspecto que foi tido en conta á hora de deseñar a presente programación foi o centro no que se ía implementar: as características do mesmo, as do seu alumnado e o seu entorno.

Esta programación didáctica está pensada para ser levada á práctica no IES Sanchez Cantón situado en Pontevedra.

Neste curso 2023-2024 temos 5 grupos de 4º ESO, co seguinte número de alumnos por grupo:

4ºESO A.- 10 alumnos e alumnas cursan esta materia.

4ºESO B.- 8 alumnos e alumnas cursan esta materia.

4ºESO C.- 9 alumnos e alumnas cursan esta materia.

4ºESO D.- 16 alumnos e alumnas cursan esta materia.

4ºESO E.-9 alumnos e alumnas cursan esta materia.

-Características do centro:

No IES Sánchez Cantón impártense ensinanzas de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato distribuídos no CGTD e nas instalacións do IES Sánchez Cantón na rúa Raíña Victoria. Asimesmo, conta con ensinanzas do ciclo formativo Técnico Superior en Actividades Físicas e Animación Deportiva.

O alumnado do centro presenta, en xeral, unha actitude positiva de cara o estudo e o seu comportamento, na maior parte dos casos, é respectuoso co profesor e as/os compañeiras/os. Posto que a organización dos grupos se estrutura sempre atendendo a criterios de heteroxeneidade e inclusión educativa, en ocasións debe atenderse a unha ampla diversidade dentro do mesmo grupo, que é maior nos cursos máis baixos, pero que tamén debe ser tida en conta nos niveis de Bacharelato. As familias, na maior parte dos casos, son colaboradoras co centro e co claustro de profesores. Preocúpanse polos resultados académicos dos seus fillos/as así como polo seu comportamento.

Unha parte importante do alumnado procede doutros centros nos que cursaron a ESO, polo que é importante realizar unha avaliación inicial que permita analizar o punto de partida co obxecto de enfocar o traballo dende inicio de curso e tamén ao inicio de cada UD.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Diseñar un plan de traballo para a realización dun proxecto ou a resolución dun problema a través da definición de obxectivos e das accións para acadalos, tendo en conta as necesidades da contorna.	1			1	1-5	3	1-2-3	
OBX2 - Desenvolver o proxecto segundo a planificación prevista mobilizando conxuntamente as competencias transversais que se requiran.	1-3		5	3	1-3	2	3	

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX3 - Presentar os resultados asociados ao proxecto competencial empregando dun xeito respectuoso estratexias e ferramentas de comunicación adecuadas cunha linguaxe verbal e corporal positiva, control das emocións negativas e, de ser o caso, co uso de recursos informáticos e audiovisuais.	1-5	3	3	2-3	1-3			3-4

**Descrición:**

**3.1. Relación de unidades didácticas**

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Definición de proxectos.	Cada grupo fará a escolla dunha temática e a planificación correspondente.	30	12	X		
2	Execución de proxectos.	Realización do proxecto previamente planificado.	40	13		X	
3	Presentación de proxectos.	Presentación do proxecto na aula.	30	10			X

**3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas**

UD	Título da UD	Duración
1	Definición de proxectos.	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar.	Recoñecer a importancia da temática escollida.	TI	100
CA1.2 - Identificar e determinar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto.	Seleccionar recursos e materiais para a realización da curtametraxe.		
CA1.3 - Identificar, seleccionar e analizar a información que se precisa.	Identificar, seleccionar e analizar a información necesaria para a realización do proxecto.		
CA1.4 - Realizar a secuencia e a temporalización das actuacións necesarias para a execución do proxecto.	Temporalizar as distintas fases do proxecto.		



Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Prever as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e propoñer posibles solucións a estas.	Solventar incidencias que poidan xurdir.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Procura e selección de información relacionada cos proxectos.</li> <li>- Planificación: secuenciación e temporalización.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
2	Execución de proxectos.	13

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporalización prevista.	Executar as actuacións planificadas.	TI	100
CA2.2 - Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias cos niveis de calidade requiridos.	Aplicar os coñecementos axeitados.		
CA2.3 - Empregar, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións.	Empregar recursos e materiais necesarios.		
CA2.4 - Resolver, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións.	Resolver as incidencias xurdidas.		
CA2.5 - Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto.	Valorar os resultados logrados.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Execución de proxectos: dinámicas e roles.

UD	Título da UD	Duración
3	Presentación de proxectos.	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA3.1 - Presentar o proxecto realizado e, de ser o caso, os produtos finais obtidos.	Presentación do proxecto.	TI	100
CA3.2 - Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade, para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade.		
CA3.3 - Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica axeitadas.		
CA3.4 - Potenciar as emocións positivas na exposición e controlar, de ser o caso, a conduta asociada ás emocións negativas.	Potenciar as emocións positivas na exposición.		
CA3.5 - Empregar recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos como apoio na presentación do proxecto.	Empregar recursos dixitais na presentación do proxecto.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
- Presentación de proxectos: a expresión verbal e corporal; control das emocións e da conduta.
- Uso de recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos de apoio á comunicación para a presentación do proxecto.

#### 4.1. Concrecións metodolóxicas

Ao longo de todo o curso levarase a cabo un proxecto elixido polo alumnado entre as opcións dadas polo profesorado. As actividades propostas ao longo do curso están dirixidas a reforzar os aspectos máis transversais do currículo, favorecendo a interdisciplinidade e a conexión entre os distintos tipos de coñecemento. A finalidade é fomentar o interese pola lectura, a cultura e a arte e desenvolver a confianza, autoestima, autonomía e traballo en equipo. O proxecto será realizado en grupos de traballo cooperativo, nos cales cada alumna ou alumno adopta un rol concreto e asume tarefas individuais que integrarán o resultado final do proxecto.

Na PRIMEIRA AVALIACIÓN, recompilarase información sobre a temática escollida. Farase un plan de traballo, planificando tarefas, tempos, recursos e materiais que se van empregar.

Na SEGUNDA AVALIACIÓN, levarase a cabo a elaboración do proxecto elixido.

A través do proxecto competencial traballaranse as cpetencias clave:

Competencia en comunicación ligüística.

Competencia dixital.

Competencia persoal, social e de aprender a aprender.

Competencia cidadá.

Competencia emprendedora.

Competencia plurilingüe.

Competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñería.

Competencia en conciencia e expresións culturais.

Na TERCEIRA AVALIACIÓN, o alumnado, presentará o proxecto realizado.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Ordenador.
Equipamento de gravación (móviles, tablets...)
Material de Polos Creativos.

O espazo habitual no que se desenvolverán as clases durante a primeira avaliación será a aula propia, onde os distintos grupos buscarán a información sobre o proxecto no seu ordenador persoal.

Xa na segunda avaliación, o espazo habitual será a aula, coa disposición de pupitres en grupos de catro. As sesións tamén poden ser levadas a cabo en calquera das outras dependencias do centro en función das necesidades existidas polas necesidades do proxecto.

Na última avaliación, as presentacións dos proxectos serán levadas a cabo na propia aula, ou de darse as condicións necesarias en calquera outro espazo do centro.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao inicio de curso, nas primeiras sesións, realizarase unha observación inicial baseada en competencias clave. O seu obxectivo é facilitar información sobre distintos aspectos do alumnado, tales como posibles dificultades de aprendizaxe ou capacidades por riba da media do grupo. A dita información servirá para programar as adaptacións precisas, así como para a elaboración das actividades de reforzo e de ampliación no caso de ser necesarias.

Os resultados da dita observación daranse a coñecer durante unha reunión establecida polo centro ao inicio do curso e na que se atopará a totalidade da xunta avaliadora. En función dos resultados obtidos, e sempre coa intervención do departamento de orientación levaranse a cabo as medidas de atención pertinentes.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	30	40	30	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100

### Criterios de cualificación:

Entre os procedementos de avaliación:

- PRIMEIRA AVALIACIÓN: Presentación e entrega do dossier coa información solicitada.
- SEGUNDA AVALIACIÓN: Traballo en equipo. Adopción de roles. Participación activa.
- TERCEIRA AVALIACIÓN: Presentación do proxecto.

Como instrumentos de avaliación, empregaranse distintas listas de cotexo e rúbricas asociadas aos anteriores procedementos. Nestas rúbricas avaliaranse aspectos de traballo cooperativo, desempeño de roles, realización de tarefas individuais, presentación, orde, produtos finais, claridade expositiva...

A nota da avaliación ordinaria en xuño virá dada pola media ponderada das notas das avaliacións parciais.

### Criterios de recuperación:

No caso de que un alumno/a non realice as tarefas asignadas ou non coopere adecuadamente no grupo de traballo dificultando o desenvolvemento do proxecto, terá que realizar unha proba escrita, a cal constará de distintas preguntas test de resposta única sobre diferentes aspectos traballados neste proxecto.

A nota de dita proba representará a nota da avaliación parcial correspondente.

De igual xeito, no caso de que unha alumna/o teña dúas avaliacións suspensas, deberá realizar unha proba escrita final, con preguntas test de resposta única sobre diferentes aspectos traballados neste proxecto.

## 6. Medidas de atención á diversidade

Para os alumnos/as con necesidades específicas de apoio educativo serán deseñadas de xeito específico de modo que se facilite o desempeño do seu rol no proxecto. Do mesmo modo, prestaráselle unha maior atención na aula e nas actividades fóra da aula, estando pendentes en todo momento do seu desempeño así como da consecución das súas tarefas individuais. Todo isto sen prexuízo de que a medida que avance o curso poida detectarse a necesidade deste tipo de actividades individualizadas noutros alumnos/as establecéndose, de ser o caso, os necesarios reforzos educativos.

Por outra banda, tamén están previstas actividades de ampliación para aquel alumnado que presente un maior ritmo de aprendizaxe. Tratarase de actividades motivadoras, que en todo caso vaian máis aló dos xa afianzados mínimos da materia e que supoñan un maior desafío na busca de información, así como a interrelación dos diferentes contidos.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.1 - Comprensión da Lectura	X		
ET.2 - Expresión Oral e Escrita		X	X
ET.3 - Comunicación Audiovisual		X	X
ET.4 - Competencia Dixital		X	X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial	X	X	X
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X	X
ET.7 - Educación emocional e en valores	X	X	X
ET.8 - Igualdade de xénero	X	X	X
ET.9 - Creatividade	X	X	X

### Observacións:

No deseño de actividades á hora de traballar en grupo:

- Fomentaranse de maneira transversal a igualdade entre mulleres e homes, a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual, a formación estética, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais.
- Promoverase a aprendizaxe da prevención e da resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto polo Estado de dereito, o respecto e a consideración polas vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.
- Evitaranse os comportamentos, os estereotipos e os contidos sexistas, así como os que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Presentación do proxecto no centro.	Presentación do proxecto no centro.			

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación do nivel de dificultade ás necesidades do alumnado.
Participación activa de todo o alumnado.
Adecuación á temporalización das unidades didácticas.
Apoio e implicación por parte das familias no traballo do alumnado.
Toma de medidas de atención á diversidade para atender ao alumnado con NEAE no deseño das actividades.
Utilización de distintas estratexias metodolóxicas en función das unidades didácticas.
Utilización dos distintos instrumentos de avaliación.
Eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación.

### Descrición:

Estes indicadores de logro pretenden avaliar aspectos como a adecuación da proposta educativa ás características do grupo, a idoneidade das metodoloxías empregadas en cada momento, o grao de participación de alumnado e familias no proceso de ensino ou a adecuada resposta ás necesidades específicas do alumnado.

## **8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora**

A principal referencia da que se disporá para este procedemento de seguimento e autoavaliación será a temporalización definida ao inicio do curso, debéndose analizar de xeito periódico se o programado se corresponde coas necesidades do alumnado, de modo que o desenvolvemento das unidades didácticas siga o calendario previsto. O documento elaborado para levar dito seguimento constituirase como un caderno de traballo na aula. Neste caderno do docente, reflectirase o desenvolvemento efectivo das sesións, facendo fincapé no aproveitamento destas e dos recursos dispoñibles.

O propio seguimento da programación será realizado en Proens cando menos, unha vez ao mes, tal e como se reflicte na normtativa, deixando constancia nas actas de reunión de departamento.

## **9. Outros apartados**